

## O SANTUARIO DE S. MATÍAS (O VERAL-LUGO).

AUTOR: José Manuel BLANCO PRADO.

[Na súa primeira entrega este artigo foi publicado en castelán en *Revista Lucensia*, Biblioteca del Seminario Diocesano, nº1, 1990, Depósito Legal: LU 855-1990, pág. 137-145]

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular radica nos santuarios. Estes son espacios sagrados, simbolizados por unha capela, ermida ou igrexa parroquial, onde a súa imaxe de devoción atrae a un gran número de devotos que pregan a sagrada intercesión mediante todo tipo de peticións de índole espiritual e material. Un santuario distínguese - segundo manifesta William Cristhian- "**por la devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución**"(1). Os santuarios acadaron unha devoción popular ó mostrarse as suás imágenes favorables perante numerosos rogos."**Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material y espiritual y a los que se acude de forma individual o colectiva**"(2).



O santuario do S. Matías está situado no lugar do mesmo nome, parroquia de S. Vicente del Veral, concello de Lugo. A este recinto sagrado accédese dende Lugo por la C.N- 640, que vai a Santiago, e a catro km.. do centro municipal é mester desvíárense pola estrada comarcal que vai cara Friol. Logo, a un km. e medio, é preciso tomar unha pista situada á man esquerda e que leva directamente ó santuario.

### **1. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO SANTUARIO.**

Segundo González Reboredo, este santuario "**es una obra que en su fábrica actual aparenta ser de los siglos XVIII y XIX. Aparejo de sillar. Frontis con puerta adintelada y espadaña de dos vanos. Nave rectangular, capilla mayor con arco triunfal de medio punto y sacristía adosada. Hay tres retablos. El mayor del siglo XIX, con imagen de S. Matías, de vestir, y S. Lorenzo. Retablo derecho, barroco popular, con columnas salomónicas, e imágenes de S. Amaro y crucifijo en el cuerpo superior.**




Vista exterior do santuario de S. Matías

**Retablo izquierdo del S.XIX con imagen de la Virgen del Carmen"(3).** Ó carón da porta central do recinto sagrado hai unha boeta ou "peto de limosna" adherido á parede, que ten un pequeno oco metálico no muro exterior, polo que os devotos poden depositar a esmola mesmo cando a capela esté pechada. Na parte superior deste pequeno oco metálico, unha inscrición di."**Limosna de los gloriosos S.Matías, apóstol, y S.Lorenzo mártir**". Finalmente, fronte á porta central da igrexa hai unha inscrición pegada ó muro, que limita o adro, conmemorativa dunha misión que se celebrou nese lugar no ano 1905.

## 2. DATOS HISTÓRICOS DO SANTUARIO.

Nos séculos XVIII y XIX, este santuario rexiano o crego da parroquia de S.Vicente do Veral e un mordomo ou depositario, que tiña como principias funcións:



A - Recoller a esmola existente nos tres días de festividade do santuario en conmemoración a S.Matías, S.Lorenzo e S.Lázaro.

B - Participar na “poxa” pública daqueles productos en especie que se xuntaban de esmola.

C - Examinar as contas anuais diante do crego da parroquia e más de dúas testemuñas pertencentes á mesma.

Por estas obrigas o mordomo recibía una remuneración económica que ía variando no decurso dos anos en función do nivel de vida."Doce rs.al maiordomo por recoger la limosna en dhos. tres días.."(4). Entre os mordomos más relevantes podemos distinguir a José de Pacios, que exerceu o seu labor entre os anos 1.835-1.865.

Por outra banda, a nova capela foi construída no ano 1826 costando a súa realización 11.903 reais. Na súa construcción interviron os canteiros de Melide D. Andrés Mamoia e D. Gabriel Louzao." D.Bartolomé Andrés Somoza tomó de los gastos en la construcción de la capilla mayor de los gloriosos S.Matías y S.Lorenzo Mártir.....Gasto de la capilla 11.903 rs"(5).

No ano 1840, o mestre Pedro Piñeiro, veciño de Sta.María Alta, construiu as paredes do corpo da capela por pública subasta, importando a obra 4.670 reais. "Se rebajan a cuenta de cuatro mil y seiscientos y setenta rs. en que fueron rematadas por pública postura las paredes del cuerpo de la Iglesia hasta el mesado del campanario al maestro Pedro Piñeiro..."(6).

No ano 1849, D. Xoán Montecelos, de S. Pedro de Calde, realizou o armazón do corpo da capela de S.Matías por 2.300 reales.



No 1863, o mestre D. Manoel Piñeiro baldosou a devandita capela por 3.000 reales."Revajar al depositario José de Pacios la cantidad de dos mil cuatrocientos cincuenta y cinco rs..con ocho mrs.lo que se entregó al maestro Manuel Piñeiro a cuenta de lo que fue contratado el valdosado de dicha capilla"(7).

No 1.867, D.Xoán de Bruzos, veciño do lugar de Astariz, cedeu por 140 reais, abonados polo bispedo de Lugo, un terreo de tres ferrados de sembradura para a construcción dunha sancristía e formación dun adro de circunvalación ó redor do santuario. A sancristía construíuna o mestre D. Ramón Antonio Sindín, costando (valendo) a obra 1028 reales."Entregué a Ramón Antonio Sindín maestro que remató la sancristía de S. Matías, mil y veinte y ocho rs"(8). Finalmente, no ano 1.869, realizouse o muro que delimita o adro por 1742 reais.

### **3. INFLUENCIA XEOGRÁFICA DA FESTIVIDADE DO S. MATÍAS.**

Antano, a festividade celebrábase o día 24 de febreiro. Non embargantes, hai algúns anos que a comunidade parroquial decidiu modificar esta data para o domingo anterior ó 14 de maio. Este cambio debeuse fundamentalmente a que no mes de Febreiro o clima é máis adverso e os días más cortos, e isto motivaba que a festa tivera pouca transcendencia de cara ó exterior.

Na actualidade, acuden devotos das parroquias de Sta.María Alta, de S.Vicente do Veral, de Lugo capital e parroquias limítrofes. Non embargantes, noutrora viñan ademais devotos dos concellos de Begonte, Outeiro de Rei, Friol, etc."Veñen devotos de Meilán, Sta.María Alta, S.Pedro de Mera, El Burgo, Piugos, Soñar, Sta.Eulalia de Adai. Fai anos viña xente de lexos, de Friol, Outeiro de Rei, Begonte etc"(9).

### **4. ROGATIVAS POR PARTE DOS DEVOTOS.**

En xeral, os devotos ofréncense ben por si mesmos ou ben por acadaren algunha intercesión para outras persoas que non poden acudir ó santuario a conta de causas de índole física.

Entre las peticionés más específicas distinguimos: doenzas humanas, algunas das vinculadas coa pel , coa vista; enfermidades de animais, dun xeito preferente cochos e vacas; encomendación polos recén nacidos y polos que van nacer; protección da facenda familiar, así como calquera outro problema que perturbe o espírito da persoa.

### **5. RITUAIS DE DEVOCIÓN.**

Todas estas peticionés, que describimos, van ligadas á realización dunha serie de rituais, que segundo o grao de participación dos devotos, teñen un carácter colectivo ou individual.

Entre os rituais colectivos distinguimos: A CELEBRACIÓN DA MISA SOLEMNE E A PROCESIÓN XERAL.

#### **1. A CELEBRACIÓN DA MISA SOLEMNE.**

Os días da festividade do S..Matías –no ano 1990, 12 e 13 de mayo- o crego encargado do santuario, Xosé Sobrado, celebrou unha misa á unha da mañá, á que asistiron devotos dos lugares mencionados anteriormente. De tódolos xeitos, hai tamén devotos non pertencentes á parroquia, que veñen ó santuario a oír misa calquera domingo e día festivo do ano.."Incluso domingos y festivos acude moita xente a misa"(10).

## 2. A PROCESIÓN XERAL.

Ó rematar a misa solemne, sae a procesión que percorre o perímetro do recinto sagrado. A distribución dos diferentes elementos que interveñen na mesma lévase a cabo do seguinte xeito:



Ritual procesional

1º. A cruz parroquial, portada por un fregues da comunidade parroquial.

2º. A advocación da Virxe do Carmio, levada nas andas por catro mulleres da parroquia.

3º. A imaxe do S.Matías, levada nas andas por catro homes da comunidade parroquial.

4º. O sacerdote oficiante.

5º. Os devotos en general, colocados sen distinción ninguna nin de edade nin de sexo.

A procesión ten por finalidade manifestar a sacralidade ó exterior dunha maneira triunfante.A este respecto Mariño Ferro manifiesta:"que dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa sacrifica todo el entorno geográfico"(11).

Tocante ós rituais de carácter individual distinguimos preferentemente tres: O RITUAL DE " POÑER O SANTO, O RITUAL DA " PÍA DE AGUA E O RITUAL DE " CORTAR A SOLTA".

### A. O RITUAL DE "POÑER O SANTO".



Ritual de "poñer o santo"

Este ritual consiste en que o crego encargado do santuario fai , cunha imaxe pequena do santo, unha cruz porriba das cabezas dos devotos, que bican a devandita imaxe e

deixan unha esmola, mentres o poñente recita a seguinte oración:

*"S.Matías glorioso te conceda*

*la salud del alma y del cuerpo.*

*En el nombre del Padre, del Hijo,*

*y del E. Santo. Amén".*

Ata hai poucos anos, o santo poñía un fregues da parroquia, que recitaba a seguinte xaculatoria::"S.Matías vos quite la peste del alma y del cuerpo". Non embargantes, dende o primeiro tercio do século XIX o máis común era que o santo o puxese o crego que administraba o santuario."Y se requiere a este párroco



no permita que paisano alguno ponga el Santo,y se permite que lo haga solamente un Eclesiástico vestido con sobrepelliz y no de otro modo"(12).

#### B. O RITUAL DA "PIA DA AUGA".

Preto do santuario de S. Matías hai unha “pía de cantería”, que pola súa forma antropoide puidera ser un antigo sartego de parella. Esta pía, segundo a tradición, contén todo o ano auga pluvial e a ela acuden a lavarse algunas persoas que teñen doenzas ligadas coa visión e coa pel.."Hai unha pía ahí abaxo,e ven xente a lavar os ollos;e deixan ahí os pañuelos ou paños despois de lavarse"(13)."Hay una pía de agua aquí abajo, que decían que era muy buena para los ojos. Ahora ya no se lleva tanto eso,pero siguen viniendo personas a lavarse"(14). (Non embargantes, yo quitaba esto) A finais do século XIX o médico e escritor lucense Jesús Rodríguez López expresaba o sentido plurifuncional da "pía" ó decirnos que "allí lavan los romeros las llagas y las partes enfermas, ofreciendo a la vista un espectáculo repugnante, pero sublime por la fe que revelan aquellos fieles..."(15). O ritual mostra dúas partes claramente diferenciadas:



Ritual da “pía da auga”

1ª. As persoas que acuden á "pía" lavan os ollos cuns panos, mollados previamente na agua que hai no interior da pía. A agua ten unha función ambivalente, xa que implica morte (doenza) e rexeneración (saúde)."El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado; pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento"(16)."El agua, símbolo cosmogónico, receptáculo de todos los gérmenes, se convierte en la sustancia mágica y medicinal por excelencia; cura, rejuvenece..."(17).

2ª. Os panos deixanse colgados nunhas silvas que hai ó caron da "pía", existindo a crenza de que, segundo ían podrecendo, as doenzas da vista e da pel tamén ían desaparecendo. Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e, polo tanto, a recuperación do estado de saúde. Por outra banda, o que se está a facer con esta práctica ritual é imitar deliberadamente aquilo que se pretende acadar."Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir"(18).

#### C. O RITUAL DE "CORTAR A SOLTA".

Este ritual, que se deixou de usar hai máis ou menos uns quince anos, consistía en que cando un neno tardaba máis tempo do normal en andar, os seus familiares más achegados levábanlo á capela do S.Matías cos dous pés atados por un fío de lá. No interior da capela, o crego cortáballe ó cativo o fío de lá cunha pequena machada metálica, para que se soltase o antes posible a andar. "Decían que eran los niños que nacían con los pies cruzados; entonces les ataban los pies con un hilo,y los llevaban al



S.Matías, en donde el cura con un hacha pequeña se los cortaba"(19).Este ritual foi descrito por Jesús Rodríguez López a finais do século XIX do seguinte xeito :" son estos niños generalmente raquíticos o debilitados por otras enfermedades.Y cuando por estas

Imaxe pequena do santo, exvotos de cera e pequena machada metálica.

circunstancias tardan en andar,los ofrecen al santo,y el día de la fiesta les llevan atados las piernas con cordones de lana. En esta forma entran en la capilla y se dirigen al altar mayor, en cuyo presbiterio hay dos hombres: uno pone el santo al niño y el otro le corta el cordón que ata sus piernecitas,ya con un cuchillo de madera, ya con uno de plata, entregando la limosna correspondiente.."(20). Neste ritual tanto a machada como o coitelo, que son instrumentos reais cunha función concreta, utilízanse como símbolo para "cortar o mal" e deste xeito alonxar a doença. "¿Que es lo que hacen cuchillos,navajas,hoces y tijeras? Cortar, y por lo tanto, herir la enfermedad para obligarla a que se vaya"(21).

## 6. OFRENDAIS DEDICADAS A S.MATÍAS.

Os devotos realizan unha serie de ofrendas a S.Matías, santo co que se establece ou estableceu o cumprimento dunha serie de promesas. "En la percepción común son las imágenes las que gozan de gracia, virtud y favor"(22).

Na actualidade, as persoas que solicitan o favor do santo, fánlle os seguintes ofrecimentos:

Algunhas misas, que o crego da parroquia oficiará no decurso do ano.

Os rituais descritos: oir misa, asistir á procesión,"poñer o santo" etc.

### 6.3. Algunhas candeadas e “velóns”.

Esmolas en metlico, normalmente ó “poñer o santo”

Algúns ramos de flores, aínda por riba do que lle ofrece a comunidade parroquial.

Algúns exvotos de cera, simbolizando figuras humanas e partes do corpo humano, como

mans, pés, torsos, etc.. así como figuras de animais, como cochos e vacas. Algúns destes exvotos atópanse hoxe no altar maior do santuario. Antano tamén había ofrenda en especie que o mordomo da confraría poxaba perante dúas testemuñas da parroquia. "Saliu en metálico cento cuarenta e seis rs.con vinte mrs., y en lino veinte e cinco rs,, en centeno veinte e sete, un cordero nove rs..."(23).

Algúns devotos levan a cabo estas ofrendas logo de que o santo lles concedeu a petición; pola contra, outros o fan no intre de solicitala, e finalmente hainos, tamén, que acoden tódolos anos por devoción ou por "acción de gracias" á algunha petición concedida polo santo noutrora.

## BIBLIOGRAFÍA.

1. CRISTHIAN,William A.Jr. "De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E.Media hasta nuestros días." *En Temas de Antropología española*. Ed.de Carmelo Lisón Tolosana. Akal, 1976, páx. 87.
2. PRAT I CAROS, Joan."Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía", *en La Religiosidad Popular.III.Hermandades, Romerías y Santuarios*. Edt.Anthropos, Barcelona, 1976 .páx..227.
- 3.GONZALEZ REBOREDO,J.M. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica* . T.VI, Madrid, 1.983, paxs. .218-219.
4. *Cofradía de S.Matías. Libro 1.-1734-1880*. Parroquia del Veral.Arciprestazgo de Cotos.páx .32. Archivo Central Diocesano Parroquial.
5. *Ibidem*, año 1826, paxs.22 y 25.
6. *Ibidem*.,año 1840, páx..37
7. *Ibidem*, año.1863, páx..56
8. *Ibidem*., año 1868, páxs. 63-64
9. Informante de Astariz (El Veral).
10. Informante del Veral.
- 11.MARIÑO FERRO,Xosé Ramón. *Las Romerías / Peregrinaciones y sus Símbolos*. Vigo: Ed.Xerais, 1.987, .páx. 175.
12. *Cofradía de S.Matías*. Archivo Central Diocesano Parroquial, Año.1.829.
13. *Informante de Astariz(El Veral)*.
14. *Informante de Rebordaos(El Veral)*.
15. RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Ed.Celta, 5<sup>a</sup> ed. 1972.páx..133.
16. FIDALGO SANTAMARINA, ,J.A. *Antropología de una parroquia rural*. Orense: Cuadernos do Laboratorio Ourense de Antropoloxía Social.. Serie Galicia Campesina,1,1988. páx..202.
17. ELIADE, Mircea.-*Tratado de historia de las religiones* . Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1954, .páx..189.
18. FRAZER,J.G. *La rama dorada* . México: F.C.E., 1969, páx..41.
19. *Informante de Astariz (El Veral)*.
20. RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús . *Ob.cit.* páx..105.
21. MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.*La Medicina popular interpretada* .Vigo: Ed.Xerais ,1.985.páx. .245.
22. PRAT I CAROS,Joan. *Ob.cit*, páx. .242.
- 23.*Cofradía de S.Matías* . Archivo Central Diocesano Parroquial. Año.1847, páx..43.